



— Actividades

1. Completa os ocos destas novas de xornal coas palabras adecuadas de cada par.

oso - óso

compren - cómpren

pe - pé

presa - présa

te - té

do - dó

fora - fóra

cha - chá

O Ministerio de Medio Ambiente paralizou a construción da de Narla, na provincia de Lugo, cunha Declaración de Impacto Ambiental negativa, segundo anunciou onte a ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona.

Galicia Hoxe (9-9-2004)

En España son varias as especies en perigo de extinción: o salmón atlántico, o pardo, a foca monxe ou a aguia imperial.

Galicia Hoxe (8-5-2005)

A Xunta de Galicia decretou tres días de oficial, de luns a mércores, pola morte de Xoán Paulo II.

Galicia Hoxe (4-4-2005)

Pola neve e o xeo cadeas no porto de Poio (Lugo) e a DXT recomenda precaución nalgunhas estradas de Lugo, de Pontevedra e da Coruña.

Galicia Hoxe (26-12-2004)

A rúa Xeneral Pardiñas acolle desde hai uns poucos meses un local que promete facer as delicias dos afeccionados ao mundo das infusións, e máis en concreto, ao mundo do

Galicia Hoxe (18-2-2004)

Galicia ten saldo de mobilidade laboral negativo. O número de traballadores que saen de Galicia para traballar noutras comunidades supera en case 4 000 persoas os empregados que chegan de para traballar na nosa comunidade.

Galicia Hoxe (18-2-2004)

A Terra acolle os restos de Manuel María nun sepelio no que máis de tres mil persoas enmudeceron co adeus, en Outeiro de Rei, ao poeta da patria.

Galicia Hoxe (11-9-2004)

Os colectivos pesqueiros de Galicia manifestáronse onte en Santiago para pedir o cambio na actual normativa pesqueira. Os afectados pola crítica situación da anchoa do Cantábrico están en de guerra.

Galicia Hoxe (15-5-2005)

— Crea oracións combinando as palabras de cada par que non usaches.

-
-
-
-